



Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN abril – xuño 2018

Tantos días felices, de Laurie Colwin



Guido e Vincent son amigos, estudan xuntos e comparten soños: Guido quere escribir poesía e a Vincent gustaríalle gañar o Premio Nobel de Física. Guido coñece a Holly, namorándose perdidamente dela. Vincent coñece a Misty no traballo. Co fondo da Nova York de finais dos setenta, Laurie Colwin retrata a catro persoas intelixentes e benintencionadas que non poden deixar de crer no amor.

Entrega: 9 abril

Comentario: 23 abril

Instrumental, de James Rhodes



James Rhodes foi vítima de abusos durante a súa infancia e a súa vida estivo marcada por esa traxedia. escoitar a Rajmáninov en bucle durante a súa adolescencia e descubrir o Adagio de Bach nunha clínica psiquiátrica axudoulle a combater os seus demos e a transformar a súa vida. James Rhodes é un dos máis eminentes concertistas de piano da actualidade e un gran renovador da música clásica.

Entrega: 23 abril

Comentario: 7 maio

Resistencia, de Rosa Aneiros



Resistencia percorre a historia política e social de Portugal, a través da vida de personaxes pertencentes a varias xeracións, desde os anos vinte ata os anos noventa do século XX. Un pano de fondo fundamental entretecido co relato dun bo número de historias de amor, entre as que salientan a de Dinís e Filipa. A vida dos amantes vese marcada polas adversas circunstancias políticas que desangran Portugal ata a Revolución dos Caraveis.

Entrega: 7 maio

Comentario: 21 maio

La uruguay, de Pedro Mairal



Lucas Pereyra, un escritor recién entrado na coarentena, viaxa a Montevideo para recoller un diñeiro que non pode recibir no seu país debido ás restricións cambiarias. Casado e cun fillo, non atravesa o seu mellor momento, pero a perspectiva de pasar un día noutro país en compañía dunha moza amiga é suficiente para animalo un pouco. Unha vez en Uruguai, as cousas non terminan de saír tal como as planeaba...

Entrega: 21 maio

Comentario: 4 xuño

REMATE DA TEMPADA